

Unidade 2. Defende as túas ideas

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Completa a táboa coas palabras.

diante
canteira
coroadada

piollo
bocoi
océano

viúva
saída
náutico

fáisca

Ditongo	
Hiato	

2. Coloca os acentos gráficos necesarios.

- A auga destruiu o castelo de area que Luis fixo na praia.
- A raiña, unha ancia moi simpatica, saudounos desde a fiestra.
- A farmaceutica doelle a cabeza polo ruído que ven da rua.
- O policia revisou polo miúdo todas as pistas do delito.

3. Cando non levan acento gráfico os ditongos?

4. Escribe a familia léxica das seguintes palabras:

cine	flor
------	------

5. Completa a táboa.

	Palabra primitiva	Prefixo	Sufixo
semicircular			
despeitear			
planificar			

Unidade 2. Defende as túas ideas

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Como se clasifican as oracións segundo a actitude do falante?

7. Clasifica as seguintes oracións segundo a actitude do falante.

- No berres tanto! _____
- Non mercaches o pan? _____
- Pode que mañá non chova. _____
- Non sei se poderei ir. _____
- Xa remataches o exame! _____

8. Marca a rima da estrofa e responde as preguntas.

Entonces unha señora
toda de luz rodeada,
de estrelañas coroadas
que como diamantes son,
cun mantelo na cabeza

de pano negro moi lindo,
caladamente, sorrindo,
entrou pola habitación.
Manuel CURROS ENRÍQUEZ



- Canto miden os versos? _____
- Son de arte maior ou menor? _____
- Que tipo de rima é? _____

9. Escribe tres normas para argumentar oralmente.

Unidade 2. Defende as túas ideas

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

10. Busca e escribe a familia léxica que aparece no texto.

A encargada da librería foi recollendo os libros que estaban no chan. Cada vez que collía un, examináboo coidadosamente e colocáboo enriba da mesiña que estaba ao lado da escaleira que **subía** á biblioteca. Mentres facía isto non deixaba de preguntarse: «como puideron chegar aquí estes libros?», pero por máis que pensaba non atopaba resposta. Ninguén estivera no local en todo o día! Tanto matínaba nisto que **descoidou** o traballo e non se decatou de que estaba poñendo os libros nun dos banzos da escaleira, o que tiña unha **táboa** solta. Cando estaba colocando un libriño de contos sobre o montón, escoitou un **ruído** e, nun instante, todos os libros volveron ao chan ao moverse a madeira. «Muller, presta atención ou non rematarás nunca!», dixo para si a libreira.



- Escribe novas palabras que formen parte da familia léxica.

11. Busca no texto e completa a táboa con cinco palabras de cada.

Palabras primitivas	
Palabras derivadas	

12. Busca no texto o solicitado.

Dúas palabras con prefixo: _____

Dúas palabras con sufixo: _____

13. Busca no texto e escribe as palabras con ditongo e con hiato.

Unidade 2. Defende as túas ideas

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

14. Explica por que levan ou non acento gráfico as palabras destacadas do texto.

15. Indica que tipos de oracións segundo a actitude do falante aparecen no texto.

• Que clases de oracións non aparecen?

16. Mide a estrofa, marca a rima e responde.

Cento de animais
viven neste mundo,
dende os altos cumes
ata o mar profundo.



Ana M.^a FERNÁNDEZ

- Que nome recibe segundo a súa medida? _____
- Que tipo de rima é? _____

17. Que é unha sinalefa?

18. Escribe un texto argumentativo sobre a lectura.
